

SAGA/FUGA

POR RAMÓN ROZAS



Magariños, Álvarez Negreira, Agustín Portela, Sabino Torres, Cándido Viñas, Manuel Cuña e Ramón Peña. ARQ. SABINO TORRES/DIXITALIZACIÓN DE MANUEL PEREIRA

VERSO A VERSO fiaron aqueles mozos a esperanza na escuridade. Un fio de Ariadna dende o que amosar a resistencia e a contestación fronte ao desprezo. Desprezo á cultura, desprezo a unha lingua e desprezo a un sentimento. Aqueles xóvenes airados acubilláronse en Pontevedra, cando o ulular da representación fascista aínda facía tremer as pedras da vella pontevedra que latexaba anovada no ronsel destes mozos que se botaron á poesía como xeito de atopar oxíxeno para respirar.

Fixéronse fortes nunha cova, a proposta polas Gráficas Torres, na rúa don Filiberto, e alí, ao acubillo do prelo, comezou a medrar a poesía en castelán, pero tamén en galego, a poesía duns mozos, «poesía pirata» como dixo un dos instigadores, Emilio Álvarez Negreira: «Se imos facer unhas edicións piratas, podemos darlle o nome de Benito Soto». Alí comezou a viaxe, a adhesión dun grupo feito para a eternidade. «¡Camarada te extiendo la mano!/Te doy mi amor, que es más preciso que el dinero,/Me entrego yo a ti, antes que entregarte el sermón o la ley; ¿Te entregarás a mí?, ¿Quieres viajar conmigo? ¿Nos adherir-

«Bajo el pecho la herida»

mos el uno al otro toda nuestra vida?», escribiu Walt Whitman. Luz perpetua da poesía. A tripulación do Burla Negra comezaba a subir a bordo con ese facho na man, o da cultura, a amizade e a rebelión: Rafael Alonso e Agustín Portela nas ilustracións e, Emilio Álvarez Negreira, Sabino Torres, Álvarez Blázquez, Álvaro Cunqueiro, Tomás Barros, Carballo Calero, Eliseo Alonso, Luis Pimentel, Manuel María, José Ruibal, Augusto Casas, Manuel Fabeiro e Juan Pérez Crus botáronse ao mar coas velas enhidas de poesía.

Entre 1949 e 1951 saíron á navegación corsaria estes poemarios, pequenos, pero afoutos nas súas consecuencias, as de alumear nesa escuridade incomprendible que nos afastaba da nosa lingua e fronte á que todos eles resistiron entre brétemas na desembocadura do Lérez, porén as palabras

convertéronse en xesta dun tempo no que estas accións volvérónse lexendarias.

Por iso está ben que cada certo tempo se lembren para que non volte a escuridade, para que aquela poesía siga saíndo á mar e dende Estribeira ou Lourido vexamos entrar de novo pola ría aquela bandeira pirata. Hoxe, ás 19,30 horas, coa bodega chea de palabras e coas velas inzadas de poesía, atracará o Burla negra no Museo de Pontevedra nun acto que dende a Real Academia Galega, co apoio

da Deputación de Pontevedra, homenaxeará a aquela tripulación co gallo do setenta aniversario da publicación da colección Benito Soto. Fina Casalderrey, como mestra de ceremonias, as intervencións de Ana Acuña, Patricia Arias e Xesús Alonso Montero, e a lectura de poemas a cargo de diferentes persoas, coa achega musical de Ánxel Ruibal converterá ese acto nunha reafirmación desta cidade como acubillo da poesía. A cidade de Luis Amado Carballo, a cidade pola que caminou García Lorca, deixando gravado un soneto no mármore do Café Moderno, ou a cidade na que cada primavera Ponte Poética, da man do Ateneo de Pontevedra, e 'Seis días, seis poetas', dende a Universidade de Vigo, converten a nosa cidade nese refuxio tan necesario para manter hoxe en pé o valor da poesía.

Ese valor foi o que amosaron aqueles grumetes baixo unha lúa que os iluminou durante un par de anos, ata que as sombras comenzaron a medrar, a asustar e a converter aquela nave poética, primeiro nun naufraxio, e logo, nun barco xa eterno, que hoxe volta a navegar baixo o ideario da rebeldía e sempre cunha ferida baixo o peito. Arrien as velas!

Hoxe o Burla negra atraca no Museo coas velas inzadas de poesía